

REGULAMENTO DO CLUB DE DEBATE ALINGUA 2025

INTRODUCCIÓN

O Club de Debate é un proxecto de dinamización lingüística organizado desde varios concellos. Ten como finalidades contribuír ao uso oral do galego entre a mocidade e ofrecer recursos para a práctica de habilidades comunicativas e de relación interpersoal á vez que promove a reflexión, o pensamento crítico e o intercambio de opinións. Diríxese fundamentalmente aos centros de ensino secundario dos concellos organizadores e conta coa colaboración do profesorado e dos equipos de normalización lingüística dos centros participantes.

O Club de Debate pretende ser un punto de encontro, unha oportunidade para coñecer as opinións da mocidade sobre asuntos que lle afectan e para desmitificar a imaxe de pasividade e falta de implicación cos problemas sociais que ás veces se lle atribúe.

Os obxectivos centrais desta actividade son os seguintes:

- Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia e o traballo en equipo.

O Club de Debate pode asimilarse a un torneo deportivo no que atinxe á organización dos debates, ás fases de clasificación etc. Debe reflectir un espírito deportivo nos aspectos relacionados co traballo e coa organización en grupo, coa solidariedade, coa responsabilidade, co compañeirismo etc. Valoraranse as habilidades e a capacidade para a argumentación, o enxeño empregado para defender as posicións, o esforzo de análise e interpretación da realidade que realicen os equipos participantes, a escoita activa e a refutación dos argumentos do equipo co que se debata.



REGULAMENTO

1. CONTIDO E OBXECTO

As normas que se detallan a seguir constitúen o regulamento do Club de Debate e guían esta actividade en todas as súas fases en canto á organización, desenvolvemento das sesións, procedementos de participación, constitución dos equipos, valoracións, xurados, premios etc.

Este regulamento pretende facilitar o cumprimento dos obxectivos do Club de Debate e poderá completarse coas instrucións que a organización considere pertinentes en relación cos prazos, lugares ou demais características do desenvolvemento de cada fase. Estas instrucións poderán, se está xustificado, establecer algunha excepción respecto ao contido deste regulamento.

2. ORGANIZACIÓN

O Club de Debate é un programa de dinamización lingüística organizado por varios concellos a través dos respectivos servizos de normalización da lingua.

A organización fixa o regulamento e as normas da actividade, selecciona os temas dos debates, establece os lugares de celebración das diferentes fases e nomea o xurado.

En cada sesión do Club de Debate haberá unha persoa delegada da organización que velará polo seu desenvolvemento, recollerá as cuestións que formulen os equipos e formará parte do comité de competición do debate.

3. PARTICIPACIÓN

3.1. INSCRIPCIÓN DOS CENTROS DE ENSINO

Poden participar na actividade todos os centros de educación secundaria ou de formación profesional que conviden os concellos organizadores. Cada centro pode presentar un ou varios equipos de alumnado matriculado en 3º da ESO, 4º da ESO, 1º de bacharelato ou nun ciclo formativo con alumnado da mesma idade, que teñan como máximo 18 anos no momento da inscrición. Non se establece limitación previa ao número de equipos que cada centro pode inscribir. Malia isto, se a suma de solicitudes do conxunto de centros excede do número de equipos que se admitan na fase clasificatoria, a organización poderá fixar un número máximo de equipos por centro. Neste caso, serán os centros os encargados de seleccionar que equipo ou equipos se manteñen na competición.

A solicitude de participación dos equipos realizarase a través dun formulario facilitado desde o servizo de normalización lingüística do concello de referencia e implicará o compromiso de participación nas diferentes fases da actividade, tanto nos debates como nas xornadas de formación previas que se organicen.



O prazo de inscrición dos equipos determinará a organización. Unha vez pechada a inscrición, organizarase a competición por fases e comunicáraselles aos equipos as datas e os lugares da xornada de formación e das diferentes fases de debate nas que deban participar.

3.2 EQUIPOS

Cada equipo estará formado por un mínimo de catro membros e un máximo de dez, máis unha persoa preparadora. Os membros dos equipos serán alumnos e alumnas dos cursos incluídos na actividade (3º e 4º da ESO, 1º de BAC ou ciclos formativos), que teñan como máximo 18 anos no momento da inscrición. A composición dos equipos será preferentemente mixta.

En cada debate haberá catro quendas de intervención. **Terán que intervir oralmente, como mínimo, dúas persoas e, como máximo, catro.** O resto do equipo actuará como persoal de apoio. Antes de cada sesión de debate, os equipos comunicaranlle á organización a composición do seu equipo de debate, e indicarán quen vai intervir e quen vai ser persoal de apoio. Para isto facilitarase unha ficha de participación que deberá cubrir e asinar a persoa preparadora. A estrutura do equipo de debate poderá ser diferente en cada un dos debates en que teñan que participar.

A persoa preparadora actuará como guía e asesora do grupo durante os traballos de preparación e representará o equipo diante da organización do Club de Debate. A súa elección correspóndelle ao centro de ensino e poderá ser persoal docente en activo, PAS ou outra persoa que designe o centro. Durante a celebración dos debates deberá estar presente na sala.

No momento da inscrición indicaranse os datos de todos os membros dos equipos, tendo presente que deben ser equipos mixtos. Poderán realizarse cambios nos membros dos equipos, debidamente xustificadas, ata unha semana antes de cada fase de debate. Estes cambios deberán comunicarse no servizo de normalización no que se realizou a inscrición. Recoméndase non mudar a persoa preparadora do equipo.

4. IMAXE

A inscrición dos equipos implica a autorización para utilizar o seu nome e o das persoas participantes, así como a súa imaxe, na difusión desta actividade e do seu contido, salvo que expresamente e por escrito se faga constar algunha reserva ante a organización.

5. XORNADA DE FORMACIÓN

Unha vez inscritos os equipos e antes da primeira fase de clasificación organizarase unha xornada de formación na que terán que participar os membros dos equipos. O obxectivo desta xornada será orientar a práctica das habilidades comunicativas co fin de activar, motivar e ofrecer recursos para mellorar as intervencións públicas orais en lingua galega. Ademais nesta xornada aclararanse todas as dúbidas que teñan que ver co desenvolvemento da actividade.



6. FASES DE COMPETICIÓN

O Club de Debate constará de fases clasificatorias de zona e dunha fase final. Os equipos inscritos deberán participar na fase clasificatoria de zona que se lles asigne. Antes desta fase poderá realizarse unha preliminar, se así o determina a organización, tendo en conta o número de equipos inscritos ou as localidades participantes. O número de equipos que se clasifiquen en cada zona para a fase final determinarao a organización segundo o número de zonas en que se distribúan os equipos na competición.

6.1 FASES CLASIFICATORIAS DE ZONA

Nas fases clasificatorias de zona todos os equipos inscritos participarán en dous debates. Para determinar as parellas de equipos para cada debate e a orde dos debates realizarase un sorteo previo e os resultados dese sorteo daranse a coñecer o día anterior ao debate. Cada equipo defenderá, nun debate, a postura a favor e, noutro debate, a postura en contra.

A organización poderá optar por un sistema que unicamente teña en conta a suma da puntuación obtida ao longo dos diferentes debates ou celebrar unha confrontación entre os equipos mellor valorados nesa fase para determinar cal ou cales se clasifican para a seguinte.

6.2 FASE FINAL

A fase final desenvolverase preferentemente nunha única xornada e nela participarán os equipos que obtivesen maior puntuación nas fases clasificatorias, no número que estableza a organización.

Para determinar as parellas de equipos para cada debate e a orde dos debates realizarase un sorteo previo e os resultados dese sorteo coñeceranse o día anterior ao debate. Cada equipo defenderá, nun debate, a postura a favor e, noutro debate, a postura en contra.

O equipo gañador será o que sume máis puntos ao longo dos diferentes debates da xornada.

7. IDIOMA

O idioma de todas as fases da actividade será o galego. As persoas preparadoras e os membros dos equipos terán en conta que están a participar nunha actividade de normalización lingüística e procurarán expresarse en galego tamén nos momentos máis informais das diferentes xornadas (viaxes, dinámicas das xornadas, momentos de descanso, comidas...).

8. TEMAS DE DEBATE

Os debates versarán sobre temas controvertidos e de actualidade. Consistirán nunha pregunta ou afirmación que dea lugar a posturas opostas, cada unha das cales será defendida por un equipo. A organización elixirá os temas e estes faranse públicos coa suficiente antelación.



As fases clasificatorias terán un tema específico, coincidente entre elas ou non, para cuxa fixación, os concellos organizadores terán en conta as achegas dos centros inscritos na actividade.

O tema para a fase final será acordado pola organización e estará ligado, preferentemente, coa normalización da lingua galega.



9. SALA DE DEBATE

Os debates realizaranse en salas convenientemente dotadas para a disposición dos equipos, do xurado e do público.

Na sala de debate haberá un estrado, escenario ou espazo similar. No centro colocárase o atril para a persoa que interveña como orador ou oradora e a cada lado dese atril estarán os equipos.

Desde a posición do atril poderán verse os dous equipos participantes e tamén un dos reloxo nos que se sinale o tempo das intervencións. O resto das persoas presentes na sala, e nomeadamente os equipos que estean intervindo e o xurado, poderán seguir tamén o tempo que utilizan as persoas oradoras a través, cando menos, doutro reloxo.

O xurado terá un espazo reservado desde o que poida ver o atril, os membros dos equipos que estean debatendo e os elementos de apoio que utilicen para a súa exposición.

Procurarase manter un ambiente adecuado dentro da sala. Por este motivo, eliminarase calquera publicidade non autorizada e evitárase o ruído que poida producirse ao entrar e saír durante as intervencións dos oradores e oradoras.

10. XURADO

Os debates serán avaliados por un xurado de cinco membros que emitirán puntuacións individualizadas de cada un dos equipos e por cada un dos ítems da valoración, sen prexuízo das deliberacións conxuntas que manteñan para unha maior uniformidade na interpretación dos criterios.

A organización de cada zona determinará a composición do xurado das fases clasificatorias. O xurado da fase final escollerao o conxunto de concellos organizadores do Club de Debate. Na designación dos membros terase en conta a súa experiencia e formación en cuestións relacionadas coa docencia, a comunicación e a lingua. A súa composición publicárase con anterioridade aos debates.

O xurado terá unha presidencia, e esta encargárase de que se cumpra o regulamento, de recoller as observacións que se formulen ao respecto e de guiar o desenvolvemento dos debates: presentará os equipos, moderará as sesións, dará os avisos e comunicará as decisións que adopte o xurado respecto a puntualizacións, penalizacións etc. Tamén será a persoa encargada de coordinar a actuación do resto dos membros do xurado, resolverá as cuestións respecto ao funcionamento deste órgano sobre as que non se chegue a acordo e formará parte do comité de competición.

Ao rematar cada un dos debates o xurado trasladaralles aos membros dos equipos as valoracións que considere pertinentes e de interese para mellorar o funcionamento do equipo.

11. COMITÉ DE COMPETICIÓN

En cada debate formarase un comité de competición composto pola persoa delegada da organización, a presidencia do xurado e unha persoa representante dos concellos participantes. Terá como funcións resolver as reclamacións dos equipos, aplicar as sancións que propoña o xurado e interpretar o regulamento en caso de dúbida. As súas decisións serán inapelables.

12. DEBATES

En cada debate participarán dous dos equipos incluídos nesa fase para defenderen cadansúa postura, asignada previamente de xeito aleatorio: a favor e en contra.

Antes de comezar cada debate, a persoa preparadora entregarlle á presidencia do xurado ou á organización a ficha de composición do equipo, en que especificará os nomes e a función de cada un dos membros. A persoa preparadora non poderá intervir nin comunicarse co equipo durante o transcurso do debate.

As fichas de composición xuntaranse ás actas do debate. Esta composición poderá variar dun debate a outro, polo tanto, será obrigatorio entregar unha ficha cuberta e asinada antes de cada un dos debates.

As intervencións das persoas oradoras distribuiranse nas quendas de exposición, refutacións e conclusións. Será obrigatorio que participen, **como mínimo, dúas persoas e, como máximo, catro**, na orde que prefiran, pero garantindo que cada unha delas non realice máis de dúas das catro intervencións do equipo.

O papel dos equipos, a través dos/as oradores/as e co apoio dos demais membros, será **argumentar** para defender teses a favor ou en contra do tema proposto e **rebater** as teses e os argumentos que formule o equipo co que están competindo, así pois é moi importante ter en conta os argumentos que use o equipo co que se debata. **Non se trata, polo tanto, nin de ler nin de reproducir discursos escritos previamente.** O equipo de apoio poderá comunicarse por escrito cos membros do equipo que teñan que intervir, sen entorpecer a marcha normal das intervencións nin molestar as persoas oradoras.

Nos debates, os equipos participantes defenderán posturas opostas: un equipo defenderá a postura a favor (AF) e o outro a postura en contra (EC). A postura que deberá adoptar cada equipo decidirse por sorteo de maneira que todos os equipos defendan as dúas, unha en cada debate.

A postura a favor será a que comece o debate. As quendas de participación dos equipos durante os debates seguirán esta orde:

POSTURA	QUENDA	CONTIDO	TEMPO
AF	EXPOSICIÓN	Presentar as teses e argumentos máis acaídos a favor do tema proposto	5 minutos
EC	EXPOSICIÓN	Presentar as teses e argumentos máis acaídos en contra do tema proposto	5 minutos
AF-EC	PAUSA	Ordenar e valorar os argumentos expostos polo equipo contrario que sirvan para crear e preparar un debate real nas quendas posteriores.	2 minutos
AF	REFUTACIÓN *Nos 3 primeiros minutos desta quenda pode haber interpelacións do equipo contrario	Rebater e desmontar as teses que expoña o equipo contrario cos retruques necesarios, de xeito que se produza un verdadeiro debate e non unha exposición de argumentos . Se é necesario poderanse seguir explicando ou insistindo nos argumentos presentados na exposición, pero nas quendas de refutación só se poderán presentar argumentos novos para desmontar ou rebater os do equipo contrario .	4 minutos
EC	REFUTACIÓN *Nos 3 primeiros minutos desta quenda pode haber interpelacións do equipo contrario	Rebater e desmontar as teses que expoña o equipo contrario cos retruques necesarios, de xeito que se produza un verdadeiro debate e non unha exposición de argumentos . Se é necesario poderanse seguir explicando ou insistindo nos argumentos presentados na exposición, pero nas quendas de refutación só se poderán presentar argumentos novos para desmontar ou rebater os do equipo contrario .	4 minutos
AF	REFUTACIÓN *Nos 3 primeiros minutos desta quenda pode haber interpelacións do equipo contrario	Rebater e desmontar as teses que expoña o equipo contrario cos retruques necesarios, de xeito que se produza un verdadeiro debate e non unha exposición de argumentos . Se é necesario poderanse seguir explicando ou insistindo nos argumentos presentados na exposición, pero nas quendas de refutación só se poderán presentar argumentos novos para desmontar ou rebater os do equipo contrario .	4 minutos
EC	REFUTACIÓN *Nos 3 primeiros minutos desta quenda pode haber interpelacións do equipo contrario	Rebater e desmontar as teses que expoña o equipo contrario cos retruques necesarios, de xeito que se produza un verdadeiro debate e non unha exposición de argumentos . Se é necesario poderanse seguir explicando ou insistindo nos argumentos presentados na exposición, pero nas quendas de refutación só se poderán presentar argumentos novos para desmontar ou rebater os do equipo contrario .	4 minutos
AF-EC	PAUSA	Sintetizar as teses e argumentos debatidos con anterioridade para preparar o peche do debate.	2 minutos
EC	CONCLUSIÓN	As conclusións de cada equipo basearanse nas argumentacións manexadas por ambos os dous equipos durante o debate.	3 minutos
AF	CONCLUSIÓN	As conclusións de cada equipo basearanse nas argumentacións	3 minutos

		manexadas por ambos os dous equipos durante o debate.	
--	--	---	--

O tempo indicado é o máximo que se pode utilizar en cada intervención pero non será imprescindible esgotalo. A duración total máxima de cada debate será **36 minutos**.

Durante as intervencións os equipos poderán apoiar as súas exposicións co material que consideren acaído. Este material deberá axustarse ás dispoñibilidades da sala comunicadas previamente. O tempo utilizado no manexo deste material ilustrativo ou de apoio –presentacións, imaxes, gráficos, proxeccións, vídeos, ou calquera outro elemento- contará como tempo de intervención. O xurado valorará este material de apoio en función da súa pertinencia ou adecuación ao tema e ás teses que se defenden.

As persoas oradoras poderán recibir apoio do resto do equipo en forma de notas que os ou as compoñentes lles acheguen ao atril. Durante o debate, nin o xurado, nin o público asistente nin a persoa preparadora poderán facilitarlles información aos equipos que estean intervindo.

INTERPELACIÓNS

As interpelacións son **observacións, comentarios ou preguntas**, cunha duración máxima de **15 segundos**, que se lle deberán facer á persoa do equipo contrario que estea no uso da palabra durante os **tres primeiros minutos** das quendas de refutación. O **obxectivo das interpelacións** é fomentar o debate co equipo contrario.

A persoa que estea no atril pode animar o equipo contrario a que faga interpelacións, se estas non se producen *motu proprio*, sobre a totalidade da intervención ou sobre un argumento concreto que queira resaltar.

As interpelacións poderá facelas calquera membro do equipo, tanto oradores/as como persoal de apoio. Para iso deberá erguer a man unicamente quen vaia intervir e agardar a autorización da persoa que está no atril. Poderase intervir sen autorización só para facer unha breve puntualización á resposta que o/a orador/a lle estea dando á observación, comentario ou pregunta formulada previamente.

O cronómetro non se parará, así que, tanto a interpelación como a resposta contarán como tempo de intervención do/a orador/a.

O xurado terá en conta tanto a oportunidade da pregunta como a xestión da resposta, valorará positivamente a atención ás preguntas e/ou comentarios do equipo contrario e avaliara se é unha puntualización acaída ou se simplemente hai afán de interromper a persoa oradora en detrimento do debate real.

MINUTO PROTEXIDO

O minuto protexido é o último minuto das quendas de refutación. Neste tempo non se permiten interpelacións e só poderá facer uso da palabra a persoa que está no atril.

13. SISTEMA DE COMPETICIÓN E PUNTUACIÓN

Cada xuíz ou xuíza deberá avaliar todos os criterios e recoller a puntuación individualizada e conxunta de cada equipo no formulario que se poñerá ao seu dispor e que se xuntará á acta do debate.

Os criterios para a valoración serán:

1. Calidade, orixinalidade e pertinencia na argumentación, tanto para defender o tema proposto como para refutar as teses do equipo contrario, e uso eficaz de material de apoio: adecuación ao tema con argumentos de calidade e orixinais, rigor, razoamentos lóxicos etc.; utilización apropiada e pertinente de imaxes, gráficos, proxeccións, elementos ilustrativos... ou calquera outro material de apoio que axude a aclarar e visualizar mellor as ideas e argumentacións.

2. Capacidade de refutación, de interacción co equipo contrario e soltura nas intervencións: interacción co equipo contrario, capacidade para refutar os argumentos expostos e para rebater as teses do outro equipo.

3. Calidade lingüística e capacidade de oratoria: corrección e calidade no uso do galego (fonética, sintáctica, morfolóxica e léxica); linguaxe variada e apropiada; expresividade e calidade do discurso; claridade na exposición e capacidade de síntese. Valorarase negativamente a lectura dun discurso escrito.

4. Comunicación non verbal axeitada: manexo do corpo e da xesticulación para comunicar de maneira máis eficiente, con especial atención á conexión co auditorio por medio da mirada. Contundencia e seguridade persoal. Ton axeitado, ritmo que permita o seguimento, capacidade para dirixirse ás persoas que escoitan e para facer que estas sigan as intervencións etc.

5. Funcionamento como equipo e seguridade e manexo a situación, dos tempos e do espazo: coordinación de todo o equipo, con coherencia nas intervencións, funcionamento conxunto, sincronización e actitude positiva. Xestión das solicitudes de intervención do equipo contrario. Adecuación aos tempos e control das situacións e do espazo.

6. VALORACIÓN XERAL DO DEBATE: capacidade de fomentar o debate co equipo contrario, crear confianza e entusiasmo e de convencer o auditorio das ideas, argumentos e posicionamentos defendidos durante o debate (**ítem de dobre valoración**).

O xurado deberá ter en conta que a actividade busca potenciar o debate de teses, **non a lectura, a reprodución de discursos escritos ou a presentación continuada dos argumentos sobre unha postura que non sexan pertinentes no transcurso do debate.**

Cada membro do xurado, logo das deliberacións que consideren, emitirá unha puntuación en todas as epígrafes para cada un dos equipos do debate. Das epígrafes 1 a 5, a puntuación será de 0 a 5; a epígrafe 6 (valoración xeral do debate) puntuará dobre, de 0 a 10 puntos. Unha vez rematado o debate, sumaranse as puntuacións de cada xuíz e xuíza e restaranse as que procedan de sancións, para obter así a puntuación de cada equipo. Proclamarase equipo gañador do debate aquel que obteña maior puntuación na suma dos outorgados. O veredicto farase público ao remate da xornada.

14. FALTAS E SANCIÓNS

Consideraranse incumprimentos sancionables os que se indican a seguir, clasificados segundo a súa gravidade:

14.1 Avisos

Considéranse obxecto de aviso os seguintes comportamentos:

- Estender a intervención máis de dez segundos logo de rematado o tempo.
- Interromper a persoa que intervén do equipo contrario sen que esta dera permiso para facelo.
- Prolongar máis de quince segundos as interpelacións.
- Solicitar a palabra para formular preguntas durante o minuto protexido.

A presidencia do xurado fará unha advertencia oral ao rematar a quenda de intervención cada vez que se produza algún destes incumprimentos. Tamén os fará constar na acta.

14.2 Faltas leves

Consideraranse faltas leves as seguintes:

- Acumular tres avisos.
- Chegar tarde ao debate ata un máximo de cinco minutos.

As faltas leves sancionaranse restando 5 puntos na puntuación obtida polo equipo no debate en que se produzan.

14.3 Faltas graves

Consideraranse faltas graves as que seguen:

- Acumular tres faltas leves nun debate.
- Realizar máis de dúas intervencións por parte da mesma persoa oradora nun debate.
- Chegar entre 5 e 10 minutos tarde ao debate. Se se supera este tempo considerarase que o equipo non se presentou e que se retira da competición.
- Buscar apoio do exterior do equipo durante as intervencións a través de mensaxes ou outro tipo de comunicacións.
- Intervir cun equipo diferente do que se lle notificou ao xurado.

As faltas graves sancionaranse co desconto de 15 puntos na valoración do debate.

14.4 Faltas moi graves

Entenderanse como faltas moi graves:

- Sumar tres faltas graves nun debate.
- Amosar unha actitude de ofensa ou falta de respecto polo equipo contrincante, polo xurado ou polo público.
- Poñer en práctica algún comportamento non adecuado (presións, insultos, discriminacións...) ou incluílo no discurso, tanto dirixido a unha persoa como a grupos sociais, raciais, relixiosos etc.

As faltas moi graves implicarán a perda de toda a puntuación do debate en que se produzan e que este se valore con 0 puntos.

As sancións deberán quedar reflectidas nas actas correspondentes.

As observacións da presidencia do xurado sobre o desenvolvemento da actividade non se considerarán sancións salvo que así o explicita.

O comité de competición estudará os incidentes que poidan producirse durante os debates, así como os casos en que se acumulen as penalizacións, e poderá acordar a descualificación dun equipo ou dalgún dos seus membros e a súa expulsión se o considera xustificado. As súas decisións deberán ser acatadas polas persoas implicadas.

15. ORDE DE PUNTUACIÓN E DESEMPATE

Rematados os debates e unha vez emitidas as puntuacións, o xurado recollerá na acta da sesión a orde de puntuación dos equipos.

Esta orde de puntuación determinará o/s equipo/s clasificado/s ou gañador/es tendo en conta o previsto no **artigo 6** sobre o número de equipos que poden clasificarse e no artigo **6.1** acerca da posibilidade de celebrar unha confrontación entre os dous mellor valorados.

En caso de que as puntuacións globais de dous ou máis equipos sexan iguais, atenderase aos seguintes **criterios para o desempate**, pola orde en que se indican:

- 1º Maior número de **debates gañados**.
- 2º Resultado do **enfrentamento directo**, se o houbo
- 3º Maior puntuación na **epígrafe 6** “valoración xeral do debate”.
- 4º De non resolverse con ningún dos criterios anteriores outorgarase o premio *ex aequo*.

16. RETIRADA OU EXPULSIÓN DUN EQUIPO

Se un equipo non participa nalgún dos debates que lle corresponden quedará descualificado.



Cando esta retirada se produza antes de comezar os debates, reorganizarase a xornada eliminando un debate do horario previsto e reasignando as parellas.

Se o equipo se retira despois do seu primeiro debate e non é posible reorganizar a xornada para garantir que todo os demais equipos participen en dúas confrontacións, na valoración final terase en conta unicamente un deles, aquel no que obtiveran a puntuación máis alta. Porén, sempre que sexa posible, optarase pola reorganización do horario de debates para garantir maior igualdade de condicións.

17. OBXECCÍONS E RECLAMACÍONS

Obxeccións

Se un equipo observa que o equipo contrario cometeu algunha infracción poderá comunicarllo ao xurado por medio da súa persoa preparadora ao rematar o debate e antes de transcorridos dez minutos.

O xurado informará a persoa preparadora do equipo contrario e decidirá se considera ou non a obxección formulada que, en calquera caso, quedará recollida na acta xunto cos motivos de que fose ou non aceptada.

Reclamacións

Ata unha hora despois de rematado o debate, os equipos poderán formular reclamacións formais ante o comité de competición se consideran que non se respectou o regulamento da actividade. Será necesario indicar os apartados que foron vulnerados.

18. PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

FASES CLASIFICATORIAS DE ZONA:

Primeiro clasificado: premio por valor de **800 euros**.

Segundo clasificado: premio por valor de **500 euros**.

FASE FINAL

Os dous equipos con maior puntuación gozarán dunha viaxe **multiaventura dunha fin de semana para un máximo de 20 persoas**, con contidos culturais relacionados cos obxectivos da actividade.



Outono de 2025

